

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/04	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de ABRIL de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata 23:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	NON
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Ausencia de Daniel Rodríguez Gándara por motivos de cumprimento de protocolo COVID -19		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Procédese á aprobación da acta da sesión plenaria correspondente ao Pleno ordinario de marzo do 25.03.2021, aprobase por unanimidade.

2. Expediente 321/2021. Modificación de crédito.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón a proposta do acordo que persigue dotar crédito en base aos remanentes para realizar dous tipos de actuacións, unha de maior contía que vai destinada a realizar unha serie de actuacións en pistas forestais que se atopan en mal estado, en particular que nos dous últimos anos as choivas foron moi intensas e houbo moitos danos en moitos camiños do Concello e evidentemente a rede de camiños do Concello é moi densa e chegamos aos que podemos chegar. E por outro lado tamén se propón dotar crédito para resolver os problemas que ten o pavillón do Cruceiro de Roo que impide o uso ordinario particularmente no inverno. Continúa indicando o Sr. González que propoñen o financiamento cos remanentes de tesourería por dúas razóns, a primeira porque a regra de gasto está en suspenso para o exercicio 2020-2021 o cal que haxa actuacións que poidan ser acometidas e realizadas 31 de decembro de 2021 o custo dos mesmo non afectará a regra de gasto e non nos afectará polo tanto na estabilidade financeira tampouco. Esta é a primeira razón e é a razón a ter en



conta, nos o que propoñemos son actuacións que se poden realizar antes do 31 de decembro, non propoñemos obras que haxa que licitar e que impliquen unha obra propiamente dita. Traémolos para financiar cos remanentes e traémolos polas contías, a capacidade de financiamento que ten o Concello de Outes nos orzamentos ordinarios é moi limitada e basicamente os investimentos que se poidan acometer son financiados con subvencións doutras administracións. As actuacións completas que propoñemos son dezanove. O Sr. González procede á enumeración das diferentes. Continua indicando que a intención de acometer estas actuacións foi xa presentada nunha reunión que tivemos o oito de marzo, onde o que fixemos foi unha proposta e que vostedes puideran facer propostas, non houbo propostas por parte doutros grupos pero o que si temos son propostas que veñen do goberno anterior, proxectos xa redactados e nos o que facemos é incorporalos.

Con relación ao pavillón do Cruceiro de Roo, despois de estudar varias alternativas, a solución mais axeitada foi a ventilación forza e polo tanto instalar os aparellos para evitar que caian na pista e non permitan a práctica do deporte. O que propoñemos é habilitar un crédito e ten que habilitarse cun orzamento, pero agora temos que licitar este proxecto e polo tanto esa proposta concreta que viron non ten porque ser eses aparatos concretos os que finalmente se instalen. Temos que ter unha referencia que se plasma no proxecto para saber canto nos pode custar esta actuación e polo que pode haber outras alternativas, o que teñen que mover son uns metros cúbicos de aire.

Polo que estas son as dúas actuacións xerais que queremos financiar e cremos que son necesidades do Concello e que temos os recursos para esas actuacións e pedímoslle ao Pleno poder acometelas.

Pregunta o Sr. González á secretaria da Corporación o procedemento de presentación da enmenda ao que a secretaria expón o procedemento a seguir a tódolos membros do Pleno. A continuación procédese a un receso de 2 minutos para o estudo e lectura polos diferentes grupos da enmenda presentada.

Procede á lectura da enmenda a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que en primeiro lugar quere facer unha serie de apreciacións; os remanentes son impostos que pagaron os veciños de Outes que durante anos deixaron de investirse no noso Concello, non é unha partida orzamentaria que de repente nos chegara dende outra administración. Polo tanto, son servizos, infraestruturas e necesidades dos veciños que non se cubriron durante moitos anos. Eses impostos que todos pagamos deixaron de repercutir na mellora do noso Concello. A



modificación fiscal que permite agora o uso dos remanentes ven dada pola situación da crise consecuencia da pandemia que estamos a sufrir e ten como fin a cobertura de necesidades socioeconómicas, a creación de emprego e fomentar a actividade económica, non só as obras. O BNG a estas alturas, con dous anos de mandato do grupo municipal, non ten moi claro se vostede ten detectado o principal problema do noso Concello. O principal problema é a perda de poboación e é tal e tan grave o problema que estaría ben que vostede lle contara aos veciños e veciñas de Outes que fai cousa de dous meses houbo unha intención por parte do SERGAS de reducir a xornada do pediatra no noso centro de saúde, que pasaría de ter unha presenza de cinco días a tres días a semana, baixo a escusa que so ten 402 nenos, esa é a gravidade, algo que parece que vostedes non teñen en conta. Ao BNG gustaríanos chegar aos Plenos cun acordo e un consenso e cunha negociación previa. Indica que nunha reunión do oito de marzo nos propuxo que achegáramos propostas en canto aos camiños forestais, si é certo que nesa reunión que era para presentarnos o esbozo da obra que se pretende realizar na praza do Concello si que se fixo este comentario. Son vostedes os que gobernan e son vostedes os que teñen que dar o seguinte paso e se de verdade pretende que esta proposta de Alcaldía saíse adiante hoxe neste Pleno tiña que ter tido polo menos o mínimo interese en ter dialogo e negociar co resto dos grupos para que saíra adiante. Pero cremos que nin vostede ten consciencia dos problemas serios e importantes do noso Concello nin ten ningún interese en chegar a acordos e que as obras ou actuacións saian adiante cun mínimo de garantías negociando previamente.

PRESENTACIÓN DA ENMENDA

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido no artigo 97.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula, á parte dispositiva do punto número 2 da orde do día do Pleno Ordinario a celebrar o día 29 de Abril, denominado “Expediente 321/2021. Modificación de Crédito”, a seguinte:

ENMENDA

Unha vez analizada a proposta de modificación de crédito e logo de realizar diversas preguntas na comisión permanente consideramos que o goberno municipal pretende realizar un gasto elevado sen facer os cálculos económicos necesarios que garantan a viabilidade do mesmo.

O grupo municipal do BNG, logo de escoitar as respostas do señor alcalde sobre o



proxeito para instalar 20 ventiladores no pavillón de Roo, chega ás seguintes conclusións:

1. Que o goberno só consultou dúas opcións para solucionar o problema de condensacións no pavillón polideportivo de Roo.
2. Que non existe ningún informe técnico-económico municipal ou independente que acredite e verifique as consecuencias da opción escollida.
3. Que o goberno non estudou nin fixo cálculos básicos do custo enerxético necesario para manter esta maquinaria funcionando.
4. Que o goberno non consultou con outros concellos ou institucións o resultado da opción escollida e só se fiou da palabra da empresa que elaborou o orzamento.
5. Que o goberno pretende gastar máis de 100.000€ dos veciños sen facer os estudos pertinentes nin analizar correctamente as consecuencias.

O BNG quere unha solución para os problemas que impiden á nosa veciñanza desfrutar do pavillón polideportivo mais non podemos apoiar un investimento tan grande sen ter os correspondentes informes e sen analizar outras opcións máis económicas nin podemos permitir un despilfarro de diñeiro público por parte dun goberno local irresponsable do que non sabemos cal vai ser o custo anual.

É por iso polo que nos vemos na obriga de presentar esta enmenda.

CONTIDO DA ENMENDA

Eliminación da partida coa seguinte descrición e importe:

“Dispositivos ventilación para Polideportivo do Cruceiro de Roo” por valor de 101.640,00€.

Polo que, unha vez retirada a partida, o total de créditos finais en aplicacións de gastos quedará nun total de 391.590,33€ e só contemplarán as aplicacións relativas a “Camiños veciñais. Otr. Inver. Reposic. Infraestruturas e bens uso xeral” e “Otr. Inv. Infr. E bens uso xeral. Camiño de Carballa a Carleo (Outes)”.

O estado de ingresos procedentes de “Remanente liquido de tesourería para gastos xerais” pasará a sumar un total de 346.090,00€.

DEBATE DA ENMENDA

Toma a palabra o Sr. González que aclara o punto que se pretende enmendar así



como a secretaria reitera de novo o procedemento que se debe seguir para o debate e no seu caso a incorporación da mesma.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica o que teñen que preguntar é que si a enmenda supón a eliminación completa da partida que ten que ver co pavillón polideportivo ou quedaría sobre a mesa que unha vez feita os estudos que reclaman volver a incluílo.

Responde a Sra. Suárez que indica que como acaba de dicir o BNG si é un investimento e unha infraestrutura necesaria para o Concello de Outes para desenvolver as actividades deportivas do noso Concello e o BNG unha vez que nos presenten as garantías mínimas e necesarias para activar esta parte presupostada, porque entendemos que é unha infraestrutura necesaria. O que non nos parece é que non estea estudado nin avaliado o suficientemente.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que fará un breve comentario e recoñece parte do que o BNG di na súa proposta, como vostedes saben o pasado mes de outubro o Partido Socialista foi o que fixo unha moción relativa ao Pavillón do Cruceiro de Roo, que foi aprobada por unanimidade. A moción do Partido Socialista dicía “que se faga un estudo en profundidade das deficiencias que ten o pavillón e que se leve a Comisión correspondente as posibles solucións”. Entendemos, primeiro que segundo o grupo de goberno os estudos xa estaban feitos, xa tiñan dous, e segundo a única Comisión que debeu levar as posibles solucións, non será a Xunta de Goberno Local? Porque nin Comisións de servizos, nin Xunta de Voceiros, nin nada de nada. Non entendo a súa postura no plantexamento e creo que me oirán falar do noso alcalde como Manuel Palomo “yo me lo guiso yo me lo como”.

Toma a palabra o Sr. González indicando que quere aclarar que o Goberno o que trae a este Pleno é o crédito para financiar unha actuación, iso implica que imos ter que sacar no seu momento unha licitación. O único que estamos a facer aquí despois de dous estudos feitos polo arquitecto, privado porque non temos no Concello persoal suficiente. A solución á que se chega é a dunha ventilación forzada, agora ben, o que finalmente se contrate e se aplique vaino establecer os pregos de contratación. O que vostedes apuntan, non temos ningún problema en que un técnico faga os pregos e indicarlle ao experto no tema os condicionantes deses pregos, como poden ser as garantías que non ofrece o provedor, puntuar o consumo o máis baixo posible, etc. Nos agora non estamos decidindo a proposta concreta senón que estamos dotando de crédito. Se vostedes teñen dúbidas sobre esta proposta, habiliten o crédito e cos pregos enriba da mesa, discutilos,



debatelos, falalos para chegar a unha solución que nos sirva a todos. O que pode significar a non aprobación é un atraso, como saben é necesaria a súa publicación no BOP e vai pasar un mes como mínimo dende que o aprobamos no Pleno. Non temos ningún inconveniente en aprobalo con esta salvedade, traer os pregos a unha Comisión e darlle o visto e prace aos mesmos onde si que se establecen cuestións concretas.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que o Sr. González explicouse perfectamente. Todos sabemos que o que estamos habilitando hoxe é a partida orzamentaria non a actuación en si. Agora fai vostede referencia aos pregos de contratación, nos pregos de contratación recóllense os acordos cunha empresa determinada, contrátase cunha empresa. Vostede coa empresa pode negociar o mantemento das máquinas, a revisión das máquinas, a substitución de calquera peza. Pero vostede non pode pedirle á empresa que inclúa nos pregos o consumo enerxéticos que van a ter eses ventiladores, vostede pode dicir quero estes ventiladores de tal potencia ou tal potencia, que me garantan que van a solucionar o problema, pero non lle pode exixir á empresa que asuma o custe enerxético. O cotes ímolo asumir tódolos veciños e veciñas de Outes, se vostede tivera intención de chegar a este tipo de acordos xa o puido ter feito, o que pasa que tiñan que traballado antes e analizado antes e chegar aquí cunha proposta responsable. Dóenos presentar esta enmenda porque é unha infraestrutura moi importante para Outes, pero a nosa responsabilidade non nos permite permitir investir esta de cantidade sen garantías e menos que veña con acordos que non quixo chegar antes ou con pregos de contratación que sabe que non poden ser recollidos nas condicións que trata de convencernos.

Toma a palabra o Sr. González que cree que non sei se coñece en profundidade un proceso de licitación, un proceso de licitación ten uns pregos administrativos e uns pregos técnicos, os pregos técnicos non os fai a empresa contratada. Estes establecen como ten que ser a solución que queremos e evidentemente a empresa que fixo este orzamento non pode facer os pregos. A empresa poderá como outras moitas, acorde aos condicionantes que nos poñemos nos pregos, terá que presentar propostas. Os 101.000€ non teñen que ser 101.000€, se hai unha baixa poden ser 70.000€ ou 80.000€, hai baixas económicas. E tamén garantías que lle podemos pedir a esta empresa ou calquera empresa que concurse, nos temos que sacalo a licitación. Podemos poñer entre elementos a valorar que o consumo sexa o máis barato.

Toma Sra. Suárez que indica que o que pretende o Sr. González é léalos e enganar. Nos pregos técnicos a empresa terá que acollerse ás condicións que



vostedes lle esixan pero non vai ser a empresa quen asuma o custe de por en marcha esas máquinas. Responde o Sr. González que non dixo iso senón que pódese valorar aquelas, darlle máis puntos e valorar os que teñan un menor custe.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que o outro día despois da súa intervención ao principio, á que lle dou volta á tortilla, entendo que a súa solución plantexada á enmenda do BNG é aprobar a partida de crédito e antes de levar a cabo a licitación facer ou levar a cabo a moción que presentou o Partido Socialista que era “facer algún estudo máis e levar as posibles solucións a unha Comisión pertinente”.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que pensa que é moito máis levalos pregos técnicos e ver as cuestións que queremos valorar, non sei dende o punto de vista económico, unha vez habilitado o crédito poñer unha terceira alternativa.

VOTACIÓN INTRODUCCIÓN ENMENDA

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos en contra

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que pesar de que case o consideramos inútil, porque a vostedes non lles entra na cabeza esa circunstancia, por nos que non quede e imos recordarlle de novo que gobernan vostedes en minoría, como xa fixemos noutras moitas ocasións, que non é un comportamento normal para un goberno que está condicionado por esa situación que acheguen vostedes ao Pleno expedientes desta entidade sen que intenten un consenso previo coa oposición, polo menos con nos non e segundo as manifestacións que acabamos de escoitar dos restantes grupos, con eles tampouco. É a súa labor e a súa responsabilidade abrir o diálogo e mantelo, esgotando todas as posibilidades ata chegar a acordos que redunden no beneficio dos veciños de Outes. Non chega con que convoque de cando en vez unha xunta de portavoces sen apenas contido, sen datos, co único fin de xustificarse dicindo



que xa falou con nos, para que o seguinte paso sexa que nos atopemos coa súa política de feitos consumados.

Unha vez dito isto, quixéramos facer varias consideracións ao respecto desta modificación de crédito:

- En canto ao arranxo de camiños do monte:

1º- Como é sabido, a necesidade de afrontar esta actuación coñecémola dende o momento en que foi o noso grupo o que lle fixo unha proposta para que se incluíse unha partida ao respecto no orzamento municipal 2021, que por certo nada sabemos del, e estamos finalizando o 1º cuadrimestre do ano. Tamén é sabido cal foi a súa resposta a esta proposta, despois de tela recibido polos condutos que consideramos regulamentarios o que fixeron vostedes foi anunciar a bombo e platillo que o goberno tivera a iniciativa de levar adiante un Plan de arranxo destas pistas.

Por iso non nos parece unha forma de actuar pouco normal pola súa parte, que despois de facerlle nos esa proposta, vostedes non a teñan en conta e sen ensinarnos os números do Orzamento, dixo que estaban traballando nel e enseguida o traerían ao Pleno, para ver que cantidade se podería adicar a este asunto, reducindo quizais outros gastos que non son tan prioritarios, nos veña agora con esta proposta de gasto a cargo dos remanentes sen que saibamos nada da viabilidade do que nos lles propuxemos para incluír no Orzamento.

Se lles propuxemos incluílos no orzamento anual é porque creemos que estas actuacións non son extraordinarias, senón recorrentes ano tras ano, propias das competencias habituais do concello, deberían ter unha partida específica nel e ir executándose durante o transcurso do ano, non esperar a que o deterioro vaia a mais, tal e como di vostede na Memoria da Alcaldía “estas labores son precisas polo mal estado dos camiños, en particular polas choivas dos dous últimos anos”.

E logo, onde estaban vostedes estes dous últimos anos? Por que non fixeron nada que remediase este deterioro? Preguntámonos tamén que pasaría co arranxo destes camiños se non houbera remanente do que tirar, ían quedar sen amañar? Porque mesmo parece que vostedes son incapaces de gobernar se non existe o remanente. Se non existira ese remanente, en Outes non íamos a ter arranxados os camiños do monte, non se ía a facer a parte da rehabilitación do estaleiro que financian con el, non íamos a poder poñer a achega para as luminarias do IDAE,



non íamos a ter todos os saneamentos que se propuxeron. Se non houbera remanente, como ían facer vostedes para gobernar o Concello de Outes? Non me queda nada claro.

2º- Unha vez que se deron conta, ou foron advertidos, desta necesidade, que foi o que fixeron para buscar financiamento doutras administracións? Pensamos que nada, como xa lle dixemos noutras ocasións parécenos que a vostedes lles resulta moito mais fácil ir ao caixón, tirar del e coller cartos, que traballar e facer as xestións oportunas para conseguir calquera tipo de axuda. Non convén esquecer que algunha das actuacións que hoxe pretenden aprobar, formaban parte de proxectos que o anterior goberno lles deixou xa feitos enriba da mesa para que se remitisen á Consellería de Medio Rural con opción de conseguir axudas.

3º- Chámanos a atención que adxudiquen vostedes 346.090,33 € dos cartos dos veciños de Outes, repartidos en contratos menores, sen que sexan sacados a licitación pública. Aí deixamos a reflexión. É certo que se xustificou vostede na Comisión informativa dicindo que o facían por un tema de celeridade na contratación, para poder ser executados todos neste ano. Esperemos que mellorasen vostedes o concepto que teñen de “celeridade” porque lles recordamos que, entre outras, a licitación das obras do POS 2020 que foron aprobadas no pleno extraordinario de decembro do 19 fai uns días que as sacaron a licitación en abril do 2021, que as obras do POS 2019 están sen rematar, que as actuacións da aplicación do remanente que se aprobou o pasado ano tampouco están feitas e iso que ían tamén a base de contratos menores nos que vostedes “confían tanto”, e así sucesivamente. A eficiencia e rapidez á hora de executar, parécenos que, dende logo, non é o seu.

- Polo que respecta á actuación no polideportivo do Cruceiro:

Parécenos moi “escaso”, por dicilo dalgunha maneira, que un gasto de mais de 100.000 € o sustenten documentalmente con dous únicos folios aportados por unha empresa subministradora duns determinados aparatos, sen que coñezamos a existencia de ningún informe obxectivo do problema, de ningunha outra solución documentada nin a acreditación doutros casos resoltos deste xeito.

Esperamos que manteñan vostedes o que dixo na anterior intervención e que teñan en conta á oposición á hora de redactar os pregos de prescricións técnicas para sacar a licitación o proxecto de subministro, que por outra parte estamos



vendo que soamente é un subministro, despois vai haber que facer e pagar a instalación dese subministro, entendo que é así. Esperamos que cumpran coa su palabra e poidamos formar parte desa Comisión para redactar os pregos de prescricións técnicas.

Dende que entraron a gobernar este Concello, dispuxeron vostedes de arredor de 1.600.000 € do remanente de tesourería, agora traen a este Pleno 450.000 € mais, incorreron nun déficit de mais de 850.000 € nas contas do ano 2019 e xeraron un superávit de 84.000 € nas do 2020, calquera que teña a capacidade de sumar, restar e comparar pode chegar á conclusión de que a balanza do equilibrio descende a pasos axigantados. Teñan en conta que con toda probabilidade, debido a esta terrible situación na que nos encontramos, van vir anos malos nos que diminúan as achegas que se viñan facendo ata o de agora.

O informe de intervención no que se analiza a estabilidade orzamentaria, da como resultado que de non estaren suspensas as regras fiscais neste ano, coas súas intervencións incorreríase en inestabilidade e recórdaselle que a pesar de estar aquelas suspensas seguen en vigor os principios de prudencia e responsabilidade fiscal. Esperamos que o teñan presente canto pretendan volver a tirar tan alegremente polo caixón dos cartos dos veciños de Outes.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que o seu grupo no referente aos camiños forestais, unha vez máis, presentan aquí dez actuacións en camiños forestais que non sabemos cales foron os criterios para escoller estes camiños e non outros que tamén teñen necesidade, incluso maior. Tampouco van acompañados de ningún tipo de plan, forestal ou de funcionalidade, á hora de poñer en valor un área determinada do noso Concello, no hai estudo e non sabemos porque razón. Sempre están dispostos a chegar acordos nos Plenos cando sabe da negativa da oposición. Votamos de menos que o Goberno non busque outras maneiras de financiar, son actuacións que van ter que facerse cada ano. Este ano vostede tira de remanentes, pois para o ano volveremos a tirar de remanentes. Plan forestal ningún, plan de actividade para o noso Concello, ningún, plan de financiamento, ningún, pero aquí temos que decidir se si ou se non baixo ningunha xustificación ou sen coñecer os criterios.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que comeza a súa intervención dicindo que no contexto da crise sanitaria provocada pola pandemia do COVID-19 determinou a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021 e permitiu que os Concellos, non só, poidan usar o superávit senón tamén o



remanente para facer fronte a esta situación tan excepcional que estamos a vivir. O uso dos remanentes debe servir para apoiar aos sectores económicos afectados pola crise e para executar non os proxectos que contribuían a rehabilitación económica do noso Concello. Onde están a rehabilitación económica destas pistas forestais e vostede mesmo di “dadas as condicións do clima galego faise preciso realizar con certa frecuencia mantemento da rede viaria local”. Isto que vostede nos trae hoxe é mantemento, algo que debía estar incluído nos presupostos e non tirar de remanentes que son para apoiar aos sectores económicos danados pola crise. Se temos que falar de mantemento, xa me vai a escoitar cando presente a moción dos parques infantís. Con respecto ao tema do pavillón, xa din antes, que tiñan dúas opcións, que non nos trouxo información ningunha e segundo vostede a empresa que fixo este estudo que vostede nos presenta dálle garantías de que con esta solución queda arranxado o problema que ten o pavillón. Non sei se a legalidade nos permitirá que outra empresa ou a empresa adxudicataria dunha segunda obra sen custe para o Concello se esta plantexada non da resultado.

En canto ao tema das pistas forestais “Sr. Palomo” teño que dicir que mantivemos unha conversa na que nos dixo que previsiblemente que nos pediría sobre 200.000€ dos remanentes para o amaño dalgunhas pistas forestais. O primeiro teño que dicir que non son 200.000 xenon case 400.000€ de pistas e segundo nesa mesma conversa propúxose dúas opcións para poder sacar adiante esta petición de crédito, que aínda a día de hoxe á oposición segue esperando unha nova xuntanza para debater esas dúas opcións que se lle propuxeron. Polo que, á vista está que vostede presenta as obras sen volver a falar coa oposición entón indica o Sr. Caamaño que referirase ao Sr. González a partir de agora como “Sr. Palomo”.

Non sei como terminará hoxe a súa proposta, imaxino que se quedará só co seu grupo, como ven gobernando só vostede. Pero van dúas veces que nos fai a mesma xogada, a primeira foi millón e medio anunciado a bombo e platillo, televisión, radio e redes, sen contar con ninguén. E hoxe é a segunda vez, porque trae vostede aquí as pistas sen falar coa oposición, o oito de marzo non nos presentou vostede ningunha obra, o único que nos trouxo foi a petición de que seguramente vos pedirei 200.000€ dos remanentes para gastar en pistas forestais, e senón dígalle vostede aos veciños que o Partido Socialista minte. Como me veña cunha terceira proposta polo estilo vai ser o Partido Socialista o que vai chegar a un acordo co resto da oposición para quitalo da súa poltrona e créame que no partido socialista temos a man moi lixeira nestes temas.

Toma a palabra o Sr. González indica que o Goberno o que fai é o que faría



calquera goberno, identifica necesidades obxectivas que ten o Concello, creo que ningún de vostedes cuestionou, pero entendemos que é necesario actuar nas pistas forestais. Non chegamos seguramente nin ao 10% das actuacións necesarias, os recursos son os que son. Temos necesidades, en segundo lugar, temos recursos económicos vostedes saben que con recursos ordinarios non se poden acometer obras deste calibre, vostedes probablemente non o utilizaron porque non podían usalo porque o Sr. Montoro aínda que os Concellos tiveran remanentes non podían utilizalos. Agora podemos usalos e utilizalos para resolver necesidades, xa hai 5 meses fixemos unha proposta para atender necesidades. Polo tanto, temos necesidades, temos recursos para afrontar esas necesidades, traer as propostas e vostedes deciden se estes cartos se adican a estas finalidades.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o que si faría un goberno responsable, Sr. González, sería ter feito o Orzamento Municipal a día 1 de xaneiro de cada ano e xestionar a economía municipal rexéndose por el. E certo o que di vostede sobre que non puidemos gastar todos os remanentes que había, gastamos os que nos permitiron as leis orzamentarias naquel momento, pero nos orzamentos que fixemos e aprobamos ano tras ano en tempo e forma entraban moitas cousas das que vostedes queren facer agora co remanente. Nos xa cambiamos luminarias, arranxamos camiños forestais e fixemos outras obras que agora din vostedes que non teñen con que facelas se non é cos remanentes. Os Orzamentos hai que estruturalos e priorizar unhas cousas sobre outras. Xa sabemos que o Orzamento non da para todo pero si para un pouco mais do que vostedes pretenden facerlle crer ao público en xeral.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que o Sr. González non é quen de gardar as formas, permítese tildar de prosa o que son os nosos argumentos, nós o seus temos que aceptalos e respectalos pero vostede os nosos tíldaos de prosa. Vostede solilo retractase. Vostede fala de necesidades, Sr. González, temos lugares que non teñen saneamento, temos lugares que non teñen traída de auga, temos aldeas na que os veciños non poden chegar as casas porque as pistas están intransitables, temos parques infantís en situación lamentable, temos moitas necesidades no noso Concello, pero vostede non detectou as urxencias deste Concello, aínda non as detectou dous anos despois e aparece con dez pistas forestais que xa nos explicará cal é a urxencia, nun Concello que como lle dixemos ao principio o principal problema é o avellentamento da nosa poboación e a despoboación do noso Concello. Priorice e governe con responsabilidade, faga o seu traballo con tempo e con garantías.



Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que falan de necesidades, necesidades é a moción que vou presentar a continuación que penso que é moito máis importante axudar aos nosos veciños que as pistas forestais. Póñalle vostede prezo á vida dun neno do noso Concello antes que ás pistas forestais e ínstolle a vostede que diga á cámara, que lle gusta moito saír na cámara, se o Partido Socialista dixo algunha mentira na súa exposición hoxe. Conteste.

Toma a palabra o Sr. González para dicir que este Goberno é coñecedor das necesidades do Concello e actuar para frear o declive demográfico e promover desenvolvemento económico estámolo facendo e non é obstáculo para atender outras necesidades que son máis ordinarias.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

Incoado expediente de modificación de créditos nº 2/2021 consistente en Crédito Extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLT), mediante Providencia desta Alcaldía que obra no expediente.

Vista a xustificación da mesma na Memoria adxunta, así como os informes de Intervención adxuntos ao expediente.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Vista a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia cos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990.



En base a todo o anteriormente exposto, e ao artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación Municipal, previo ditame da Comisión competente, adoptou o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación de crédito nº 2/2021, de acordo ao seguinte detalle:

Programa	Económica	Descrición	Importe	Tipo MC
454	61900	Camiño en Banzas (San Ourense) e outros	30.825,94 €	CE
454	61900	Camiño de Cabanamoura (San Ourense)	41.177,01 €	CE
454	60900	Camiño de Carballa a Carleo (Outes)	48.249,42 €	CE
454	61900	Camiño de Gulfián a Rates e Outro	14.024,92 €	CE
454	61900	Camiño en Outón (Roo) e Outro	21.660,49 €	CE
454	61900	Camiño na Vaqueira e Outro (Outes)	44.941,38 €	CE
454	61900	Camiño Villardigo-Formigueiro de Arriba (Cando) e Outros	41.767,24 €	CE
454	61900	Camiño de Tarás a Formigueiro e Outros	43.979,05 €	CE
454	61900	Camiño Braño ao Monte (Freixo)	19.855,54 €	CE
454	61900	Camiño do Rial a Corga (Freixo)	39.609,34 €	CE
342	62200	Dispositivos ventilación para Polideportivo do Cruceiro de Roo	101.640,00 €	CE
TOTAL INVERSIÓN			447.730,33 €	

A financiación do expediente preténdense realizar:

- Remanente Líquido de Tesourería (RLT) concepto 87000 por importe de 447.730,33.-euros.

O resumo das aplicacións orzamentarias de gastos segundo o establecido no apartado anterior, así como o recurso que financia, que é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLT) resultante da liquidación do exercicio anterior, será o seguinte:

**Estado de gastos
Altas en Aplicacións de Gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
342	62200	Edificios e outr.construcións.Dispositivos ventilación no Polideportivo Cruceiro de Roo	0,00	101.640,00	101.640,00



454	60900	Otr. inv. Infr. e bens uso xeral. Camiño de Carballa a Carleo (Outes)	0,00	48.249,42	48.249,42
454	61900	Camiños veciñais. Otr. inver. reposic. infraestructuras e bens uso xeral	45.500,00	297.840,91	343.340,91
TOTAL			45.500,00€	447.730,33€	493.230,33€

Estado de Ingresos

Aplicacion			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	447.730,33 €
			TOTAL INGRESOS	447.730,33 €

SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4. Expediente 777/2019. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- **Moción do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vimos de ver como unha rapaza, veciña do Freixo case se mata por usar unha das instalacións do noso concello, en concreto un columpio nunha zona considerada como parque infantil. Grazas a Deus SÓ, e escoiten ben, SÓ rompeu o cranio e só estivo uns cuantos días na UCI. Alegrámonos que hoxe se atope na casa rodeada dos seus, aínda coas secuelas pertinentes, pero grazas a Deus VIVA. Podía comezar esta moción lembrándolle a vostedes o que o grupo socialista de Outes lles repite unha e outra vez, o día que pase algo serán vostedes os responsables, pero non a culpa non é só súa tamén e nosa por deixar que governe vostede con esa tranquilidade que lle dá non facer nada do que se lle roga nos plenos e non pasa nada. Pois o respecto lémbrolle a vostedes que no Pleno ordinario de Novembro do ano 2019, fixemos un rogo dun espello no cruce de Entíns a Coiradas, (Sí o mesmo rogo que lle vimos de recordar aínda o mes pasado e hai 3 ou 4 meses), pois fíxense vostedes cando foi feito ese rogo por primeira vez no ano 2019, e xa estamos en Abril do 2021 e o espello segue sen poñer a día da presentación desta moción.

Pero imos o que nos ocupa realmente nesta moción e é o abandono por parte deste goberno das instalacións do noso concello. Fontes que non se amañan, espellos que non se poñen, muros que seguen rachados, parques infantís que caen de podres, por certo lémbrolle a vostede Sr. Alcalde que cando o partido socialista lle propuxo que estudara renovar o paseo da Ponte Nafonso con aceiro inoxidable, a súa resposta foi que era inviable que cun axeitado mantemento non teríamos problemas. O mantemento das nosas instalacións estao a deixar a vostede en evidencia, e está a vista de todos nos e por iso mesmo o Partido Socialista de Outes solicita que esta corporación aprobe o seguinte acordo, polo noso ben e o de todos os nosos e nosas veciñas:

1.- Cerrar temporalmente “Todos os parques Infantís do noso concello mentres non se faga un estudo pormenorizado de ditas instalacións e se teña unha completa seguridade de que se poden usar sen ningún risco técnico”.

2.- Dar prioridade 1 (Coma no SERGAS, coas operacións), a esta moción para que se leve a cabo de maneira INMEDIATA, e que se poidan abrir os nenos e nenas canto antes.

DEBATE



Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que saben da importancia que ten o mantemento e perfecto estado de revista dos parques infantís, para evitar que sucedan accidentes como o que aconteceu no Parque da Escola da Moa no Freixo, suceso que lamentamos profundamente.

Cando gobernamos, o noso Grupo non soamente se preocupou do coidado e mantemento dos parques existentes, senón que por mencionar só a última legislatura, tamén se ocupou de crear unha liña de actuación co fin de renovalos e de dotar de novas instalacións deste tipo ao concello para uso e desfrute dos nosos cativos. Construíronse os parques aledaños ao Centro Social de San Cosme e mais ao Centro Náutico do Freixo, renováronse por completo os parques do Cruceiro de Roo, de Broña e mais de Vistalegre, fixéronse importantes actuacións nos outros dous que se localizan no paseo do Río, sen prexuízo que nos restantes parques do concello se actuou tamén, cando foi necesario, para salvagardar a seguridade dos usuarios. E non nos esquecemos dos que xa non son tan nenos e construíronse tamén dous parques biosaludables, no entorno de Portosiavo e mais no Cruceiro de Roo. Invertendo nestas actuacións arredor de 250.000 €, (por certo Sr. Alcalde non foi necesario tirar do caixón dos remanentes para poder incluír estes parques no orzamento e poñelos a beneficio dos veciños de Outes) para que se puidesen deseñar segundo a normativa vixente e utilizar estas instalacións coa máxima seguridade.

Queremos dicir con isto que moitos dos parques do noso concello teñen pouco mais de dous anos e ao menos de que neste tempo non se lle fixera ningunha revisión nin mantemento, cousa que nos preocuparía moito, son instalacións practicamente novas. Por iso parécenos unha medida moi drástica cerrar de repente todos os parques infantís do Concello. Outra cousa sería proceder xa, de inmediato, a revisión de todos eles e, se se atoparan anomalías, tomar de inmediato as medidas oportunas para corrixilas ou incluso cerrar todo o parque se foxe preciso ata que presente todas as medidas de seguridade precisas.

Por iso lle digo ao portavoz do PSOE, que se pode cambiar o acordo, e en lugar de poñer que se cerren todos os parques, poñer que se revisen inmediatamente, e se hai anomalías se cerren ata que se subsanen, ou se hai algún xogo que estea mal, se retire ou se repare de inmediato ata que estean nun estado de seguridade normal. Entón apoiaríamos a súa Moción.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que parece que ten que pasar algún accidente para que o Goberno tome conciencia da situación na



que se atopan moitas das nosas infraestruturas. Os parques atópanse moitos nunha situación lamentable pero non tomaron ningún tipo de medida. O de Ponte Nafonso, un parque moi frecuentado, na que, tiveron 2 anos unhas cintas de obra nun parque pero non pasou nada e como non pasou alí sigue o parque nesas condicións como moitos deles. En canto ao mantemento nos últimos anos descoñecemos ese mantemento porque senón non estarían nesas condicións, o lamentable é que tiveron vostedes a oportunidade xusta para facer esta actuación que lles pide o compañeiro. Os parques estiveron pechados por mor da pandemia, porque non fixeron entón o mantemento e revisión? Sería un bo momento para facer eses estudos se realmente tiveran conciencia del cal era a situación das instalacións do noso Concello. Por certo, outro punto de perigo son as escaleiras do Albán e esperando a que pase algo. Os que gobernan son vostedes e son os responsables de chegar a acordos e os responsables en actuar e velar pola seguridade do noso Concello.

Toma a palabra o Sr. González que indica que efectivamente o mesmo día do Pleno anterior recibimos un aviso de que unha rapaza de 14 anos tivera un accidente no parque infantil da Moa no Freixo e nese mesmo momento puxémonos en contacto coa familia para interesarnos polo estado da rapaza e para poñernos á súa disposición. A día de hoxe esta rapaza está ben logo de pasar un mal trago e pasar uns días no hospital e agardamos que quede nun susto e que non teña ningún tipo de secuelas. En canto ao estado dos parques infantís temos que apuntar unha serie de cuestións:

1º. O goberno municipal é consciente da necesidade de mellorar e manter os parques infantís e moitas outras infraestruturas. En canto aos parques infantís xa o ano pasado acometemos unha serie de actuacións para reparar aparellos dos parques e a principios de ano presentamos dous proxectos para a mellora doutros dous parques. En calquera caso eramos conscientes de que fai falta unha actuación global. Por este motivo a principios de ano encomendámoslle ao Concelleiro de Educación e Deporte o estudo e análise para coñecer o estado xeral destes parques. A finais de febreiro tivemos unha reunión e falamos do estado dos mesmos, o parque da Moa estaba en mal estado, posiblemente xa fai anos. Foi erro noso que tíñamos claro que era así, pedimos desculpas e asumimos a nosa responsabilidade e ímola exercer facendo actuacións de mellora. Actualmente estamos tramitando un contrato para a reforma dos parques. En canto ao parque da Moa é retiralo polo estado no que se atopa.

Polo tanto, o que vostede apunta xa o temos feito e compartimos o que expuxo o PP, que non porque haxa unha infraestructura concreta ou elemento concreto que



este danado haxa que pechar todos. Parécenos que non podemos apoiar esta moción nos termos nos que se presenta.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que se dirixe ao PP para indicar que non tiña pensado cambiar nada desta moción pero durante este período de tempo plantéxomo por unha sinxela razón, coa celeridade que actúa o noso Goberno seguramente os nosos nenos ata o ano que ven non poderían xogar nos parques infantís. Diríxese ao Sr. González e dille que fala dunha fotografía xeral e indica que el trae fotografías individuais (ensina as fotos dos diferentes parques).

Ensina unha foto na que indica que hai un columpio con acceso aos usuarios e que como se ve calquera súbese un e cae para abaixo. Con respecto á foto do parque da Moa indica que non entra en calificacións porque o Sr. González recoñeceu o seu erro, porque despois de ter un estudo feito a finais de xaneiro que me estraña que non cerrara os parques ou ningún artigo deses parques. Outro parque aberto que en calquera día lle cae a alguén, estamos falando de seguridade. O que fai falla é que vostede actúe e que en vez de que os 400.000€ urxentes para as pistas sexan para a seguridade, porque a seguridade dos nosos veciños está por enriba de todo. O Partido Socialista de Outes volve a nomearlle o espello de Entíns, a moción dos desfibriladores feita por este partido, o apoio ao PP o ano pasado en canto aos socorristas nas praias, o rogo no campo de fútbol e podería seguir. Fíxese que non tiña pensado modificar nada pero o que vostedes fixeron foi unha animalada. As desculpas e aceptar a responsabilidade, polo menos teñen algo de dignidade.

Continúa o Sr. Caamaño indicando que hoxe quérennos despedir dos 400.000€ que como vemos aprobouse só cos seus votos e ven de gastar vostede 5.400€ no Ferrari, o cortacésped, acábano de comprar, non ten vostede cartos para arranxar as pistas forestais e non ten vostede cartos para arranxar os parques infantís para que os usen os nosos rapaces. Non sei se dimitir pola súa culpa ou seguir na miña teima, vostede pode ensinarme a min de economía seguramente moito, pero de sentido común nada. Menos cortacésped e mais mantemento e arranxo das instalacións do noso Concello.

Volvendo á petición do PP gustaríame facer unha pequena modificación. Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP para indicar que con anterioridade esqueceuse dicir que no referente ao cambio do acordo un asunto a engadir a nosa proposta, é que en lugar de cerrar todo de golpe, que se revisen, pero esa revisión ten que ter unha certificación dun técnico competente para que poidan estar abertos. Se esa certificación non fora acorde á seguridade requirida, que se



cerren. E que para isto se estableza un prazo acotado, evidentemente de pouco tempo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o primeiro punto será o que cambie e no segundo non vou cambiar ningún matiz porque é dar prioridade, facelo xa. O primeiro punto non sei como plantexalo pero dende o meu punto de vista sería que collan o informe que vostedes teñen e que mínimo esta semana que entra poña vostede un operario e que poña unha cinta a aquelas partes dos distintos parques que non se deben usar e a continuación fagan vostedes o estudo e con plena seguridade de que non haxa risco técnico do uso dos nosos parques.

Pregunta o Sr. González se o Sr. Caamaño modifica o sentido da súa proposta ao que o Sr. Caamaño aclara que non o sentido senón os termos é o que modifica.

Toma a palabra o Sr. Castro para indicar que a proposta é que no prazo que se propoña, o parque que non teña un informe favorable dun técnico, que se cerre. Un mes ou 15 días, o prazo póñano vostedes, pero que haxa un informe que diga que o parque está apto para ser usado, e o que non o estea que se cerre.

Repite a proposta por parte do PP o Sr. Castro que indica que “no prazo dun mes o parque que non teña un informe favorable dun técnico, que se cerre”.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que dado que teñen unha fotografía xeral da súa irresponsabilidade recoñecida, xa que, teñen un estudo feito e polo tanto eran coñecedores da situación na que se atopaba ese parque e non tomaron as medidas oportunas, non ten outro calificativo que irresponsabilidade.

En canto á moción presentado polo Partido Socialista o BNG cree que efectivamente algunha proposta que nos sería válida é que procederan ao precintado de tódolos parques que teñan algún elemento prexudicado agora mesmo e a partir de aí que procedan a súa apertura segundo vaian arranxando e facendo os mantementos correspondentes co aval técnico que corresponda para a súa seguridade.

O Sr. Caamaño solicita un receso de 2 minutos ao que o Sr. González resposta que hai un receso de 2 minutos.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que a proposta alternativa é “darlle unha semana ao grupo de goberno para



inspeccionar os distintos parques que hai no Concello e precintar aquel elemento ou elementos que se vexan que non están en condicións. E a partir de aí no prazo de 2 meses si non están amañados ditos elementos cerrar por completo o parque”.

Toma a palabra o Sr. González que expón que reiteran en primeiro lugar que logo desa primeira fotografía feita por membros do grupo de goberno unha empresa especializada fixo un estudo pormenorizado de tódolos parques, polo tanto, ese estudo xa está feito. En segundo lugar indicarlle ao Sr. Caamaño que é un demagogo porque fai demagogia votando man dun acontecemento desgraciado, pero nos case dous anos que levamos aquí vostede non se preocupou polo estado dese parque nin de ningún parque infantil e a demagogia ten as patas curtas. Calquera persoa que governe, que dubido que vostede chegue algún día a un goberno, sabe que se pode encontrar cun problema deste estilo en calquera momento e todos sabemos ademais o estado das infraestruturas deste Concello non é destes últimos dous anos. É vostede un auténtico demagogo e repítolle que a demagogia ten as patas moi curtas. Nós imos a abstermos nesta moción que está agora mesmo modificada.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 abstencións

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

A corporación local vén de aprobar o crédito necesario para executar a restauración e posta en marcha do Astaleiro de Ciprián musealizado. Xa temos



amosado o noso apoio a recoñecer, e poñer en valor o importantísimo papel histórico que tivo a carpintería de ribeira e o traballo madeireiro no noso concello. Porén, como xa indicamos no pleno anterior, gustaríanos que esta iniciativa non quedase só en forma de museo.

Dende o BNG apostamos por aproveitar esta oportunidade e dar un paso adiante creando obradoiros de carpintería únicos na nosa contorna e solicitarlle á consellaría de educación un FP relacionado co traballo da madeira no noso concello.

Isto implicaría ampliar o catálogo educativo do noso concello e ofrecer unha saída laboral máis á nosa veciñanza. Sabemos perfectamente que antes de conseguir ou realizar nada disto é preciso un estudo para analizar a mellor vía de materializalo e así queda recollido nesta proposta.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte:

ACORDO

-Que o goberno local, logo de realizar o estudo pertinente, lle solicite á consellaría de educación que dote ao noso concello dun grao medio ou superior relacionado co traballo na madeira.

-Que o goberno local, unha vez rematada a execución da restauración e musealización do astaleiro de Ciprián, organice obradoiros e outro tipo de actividades formativas nas instalacións.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que O noso Grupo sempre impulsou e recoñeceu o que significa tradicional, cultural e historicamente a industria da madeira e particularmente da Carpintería de Ribeira no noso Concello. Por iso iniciamos os trámites para poñer en valor este ben que pertence a todos os veciños de Outes. Adquirimos para o Concello o vello asteleiro de Ciprián en Broña e fixemos o proxecto e todas as xestións necesarias para formular a solicitude dunha axuda á Consellería do Mar a través do GALP para rehabilitalo, coa intención de seguir mellorando tamén o seu entorno en próximas convocatorias. Tamén a través da Consellería do Mar



confeccionouse un catálogo onde se recollen e describen todos os elementos arquitectónicos e construtivos relacionados con esta actividade que se asentan ao longo da nosa franxa costeira, dende o Freixo ata o entorno de Lancaño.

Dende logo, a nosa liña de actuación sobre este tema non se limitaba ao dito anteriormente, senón que a nosa pretensión era que todo isto servira de base para futuras actuacións, aprendizaxes e actividades que tiveran que ver con esta industria, ademais de engrosar os atractivos turísticos do noso Concello.

Polo todo o que acabamos de expoñer e por coincidir coa nosa liña de acción, que acabo de describir, imos apoiar a súa Moción.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista Sr. Caamaño que expón que non lle cabe dúbida de que esta é unha boa proposta por parte do BNG, polo menos así nolo parece dende o Partido Socialista de Outes. Fundamentalmente dende o noso punto de vista dende a perspectiva de que os xóvenes do noso Concello teñan ou poidan ter unha saída laboral a estes estudos, é máis, de cara a un futuro ampliaríamos os distintos estudos e distintos ciclos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en termos xerais tamén vemos con bos ollos a moción, tamén é certo que no segundo punto dalgunha maneira xa estaba previsto ou incluído nos nosos plans, darlle vida ao Estaleiro rehabilitado e facer con materiais que teñan que ver directamente co que se facía aí como obradoiros e votando man dos factores sociais do noso Concello. En canto ao primeiro punto tamén o vemos ben se ben é verdade teremos que facer un estudo, xa que, os novos graos e novos estudos teñen que pasar unha serie de filtros e ter un sentido da contorna na que nos movemos. Temos algunha dúbida de que vaia chegar a bo porto pero pensamos que vale a pena, polo que imos apoiar esta moción.

Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que quere agradecer o apoio e que da gusto que de vez en cando se poida estar de acordo en cuestións que para nós son vitais para o Concello. Agardamos que o grupo de goberno traballe neste sentido e traballe para poder cumprir coas propostas.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 4 votos a favor
PP: 5 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de contas do Expediente 353/2021 relativo ao informe resumo dos resultados de control interno realizado no ano 2020.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que é un resumo do ano económico do ano anterior e que hai certas recomendacións por parte de Intervención que gustaríanos que as tiveran en conta e que as foran poñendo en práctica.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que queren facer fincapé nos reparos e o traballo por parte de Intervención vistos a cantidade de informes, máis de 270 e todo o que iso implica, engadir pedir ao Goberno e que fixera caso e atendera as peticións que fai Intervención.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que quere agradecer o traballo por parte de Intervención.

Toma a palabra o Sr. González que indica que súmase a ese agradecemento polo traballo e tomamos en consideración as recomendacións que se fan.

C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS**
- **Do PP:**

1ª PREGUNTA

En varias ocasións o noso grupo fíxolle rogos ao goberno para que lle dera solución a problemática relacionada cos anegamentos que se dan no núcleo de Brión de Arriba debido a esorrentía sen control das augas que baixan do monte sobre todo



cando hai fortes choivas. Como os veciños nos trasladan que non ven que se fixeran actuacións que solventen definitivamente este problema, queremos saber:

- 1.- ¿Que actuacións se fixeron ao respecto ao longo de todo este tempo, dende que son coñecedores do problema?
- 2.- ¿Consideran vostedes, que está solucionado o problema satisfactoriamente para os veciños implicados?
- 3.- De non ser así, ¿Que teñen pensado facer para dar unha solución definitiva a este asunto?

Responde o Sr. González que en canto as actuacións que fixemos o ano pasado fomos coñecedores dese problema e o que fixemos foi unha actuación importante o ano pasado, os camiños teñen unha serie de cortas que fai que desvíen a auga para evitar xustamente que danen as vivendas ou propiedades. Unha curta con formigón alí non había ningunha e funciona adecuadamente so que como os interesados recoñecen por motivos diversos algunhas persoas tapan esas cortas, e esa en concreto que é a máis importante, e iso fai que quede inutilizada e que non cumpra a súa función e que a auga siga discorrendo. Máis alá estudamos repartir a auga á altura de Cures e ao final visto e escoitados aos veciños de alí podería ocasionar problemas e polo momento desmontouse esa solución. Sabemos que non está solventado de todo por este problema que acabamos de comentar e non é fácil solventalo e estamos traballando para buscar outras solucións

- **Do BNG:**

1ª. PREGUNTA:

O goberno está a desenvolver nestes momentos unha serie de enquisas que, entendemos, serán para elaborar o PMUS. Que franxa de poboación están enquisando? Mediante que medios? Que fiabilidade teñen estas enquisas? Creen que é a maneira axeitada?

Responde o Sr. González que a franxa de poboación que se enquisan teñen que ser representativa da estrutura proporcional que ten o Concello. No seu momento que teñamos as enquisas estratificarmos as mesmas en cuestión da idade e en correlación coa pirámide poboacional do Concello. Facémolo con medios propios, a enquisa foi elaborada por un gabinete técnico e estano facendo catro traballadores do Concello. A maneira máis axeitada confiamos que se está facendo un bo traballo , é certo que unha das nosas propostas en novembro habilitar crédito para



un estudo a unha empresa especialidade e vostedes votaron en contra polo que o fixemos con medios propios.

Toma a palabra a Sra. Suárez para indicar que o que tiñan que ter en conta é entregarlle a aquelas persoas que acoden as actividades do Concello 5 ou 6 cuestionarios se lles están entregando, polo que unha mesma persoa cubre este cuestionario 6 veces. Ao mellor o resultado e a fiabilidade non vai quedar reflexada porque a xente que van ás actividades do Concello non son as persoas que xustamente máis necesitan o plan de mobilidade no noso Concello. Vostede só tiña que votar man dos servizos sociais que estou segura que teñen localizadas aquelas persoas que viven soas e precisan deste servizo ou un día as 7 ou 8 da mañá dera un paseo e vira as persoas que están paradas esperando os buses escolares.

O Sr. González indica que a fiabilidade é suficiente e eses datos serán tratados e non rematou aínda o levantamento de datos e que van ser válidas.

2ª. PREGUNTA:

Queremos parabenizar ao goberno municipal por terse acollido ao programa estatal de compostaxe. Gustaríanos saber se teñen pensado instalar composteiros para os traballadores municipais que fan brozas? Pensan facer un seguimento dos composteiros individuais aquí a un ano? Parécelles apropiado empregar o enderezo da tenente alcaldesa como medio para facer as solicitudes?

Responde a Sra. Quintela que indica que agradece os parabéns e continúa indicando que non se van a instalar en exclusiva para os traballadores municipais, vai a haber centros de compostaxe comunitario e eses van ser os que se usen para depositar os restos. Farase un acompañamento do uso e problemas que podan xurdir e aproveitarase para facer unha visita aos beneficiarios dos anteriores composteiros que se fixo o ano pasado.

Si, posto que son a Concelleira de medio ambiente e a responsable do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Núñez que expón que en relación que haxa composteiros específicos para os empregados os volumes elevados que poderían xestionar os comunitarios e non en decrecemento dos veciños. Vostede é a persoa encargada non é elegante que se personalice nun cargo temporal o axeitado sería medioambiente.gal.

3ª. PREGUNTA:



Mañá é 30 de abril e, polo tanto, é o Pampallín. Non teñen pensado facer nada para manter esta tradición?

Responde o Sr. González que indica que non se realiza polas circunstancias que son evidentes e cando estas circunstancias o permitan o faremos así como as celebracións que veñen, e agardamos que no verán podamos facer algunhas con certa normalidade. Esta é a razón fundamental.

Toma a palabra o Sr. Núñez que expón que obviamente non se podería celebrar ao uso e entendemos a situación, pero si que se podería ter programado un evento cultural seguindo as restricións que agora mesmo se permiten e cos aforos e facer un concerto cumprindo e senón dar unha volta ao Pampallín ¡, xa que ten unha cuestión tradicional e interesante que o Goberno o recupere e serviría de promoción do noso Concello.

Reitera o Sr. González que non se fai este ano polas circunstancias e que é unha tradición antiga e que polo feito de que non se faga este ano non quere dicir que se perda nin que non se vaia a recuperar.

4ª. PREGUNTA:

É público que o BNG está recopilando información con relación aos contratos dos que xa falamos fai un par de meses dos que temos fondas sospeitas. Vostedes tardaron a frioleira de dous meses en enviarnos un par de documentos. Parécelles normal esta demora? Van tardar o mesmo en responder á última solicitude?

Responde o Sr. González que parécenos normal a demora porque temos que recopiar a información e enviáuselles cando a tiñamos recopilada. Non sei se imos tardar o mesmo, xa o veremos na próxima solicitude. Fala de sospeitas e non sei de que sospeitas son esas en calquera casos serán extensibles aos Concellos que goberna o BNG que tamén contratan a esta empresa ou só son no noso caso.

Indica o Sr. Núñez que pensa que o Sr. González non os escoita ou non lles fai caso cando lle pedimos no Pleno, non estamos en contra de ningunha empresa. O que criticamos é o seu proceder e porque non se saca a concurso un contrato que dende o principio sabían que ían a facer e ademais non tivemos a información suficiente para demostrar que non houbera sospeita. Recordamos as relacións persoais de esta empresa con vostede, entón se nos facilitan a información non temos problemas nos fiscalizamos ao goberno e temos sospeitas dos seus procedementos.



Toma a palabra o Sr. González e expón que na información que se lle enviou queda plasmado que a proposta que presentaba esa empresa era a máis ventaxosa e sobre o tema das relacións persoais, este Concello contrata a moitas empresas deste Concello e se fora por esa liña non poderíamos facer ningunha e se agora o criterio é ese vólvello a dicir este é o procedemento a seguir nos diferentes Concellos.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:**

• **Do PP:**

1ª PREGUNTA.

Membros das Asociacións Deportivas e Culturais do Concello, que optaron á liña de axudas que o Concello concede cada ano, fannos chegar que a día de hoxe aínda non cobraron o importe concedido e correspondente ao ano 2020, e que entendemos que deberían ser aboadas nese ano. Preocúpanos o retraso nestes pagos, e que isto se converta nunha costume pola súa parte, porque o ano anterior sucedeu o mesmo, e xa tivemos que trasladarlles esas queixas.

- 1.- ¿Cal foi o motivo polo que se retrasou este ingreso?
- 2.- ¿Cando teñen pensado facerlle chegar o importe da subvención concedida?

2ª PREGUNTA.

No Pleno Ordinario do mes de Novembro pasado aprobáronse unha serie de créditos para actuacións a cargo do remanente de tesourería:

- 1.- ¿Dan por rematada algunha desas actuacións? ¿Cales?
- 2.- ¿Que prazos de execución teñen previstos para o remate de cada unha das obras que non están finalizadas?
- 3.- Con respecto ás obras dese lote que aínda non están empezadas, ¿en que datas teñen previsto facelo?

• **BNG:**



PREGUNTA 1. Algunha entidade deportiva tamén nos fixo chegar que o horario que se facilita no polideportivo para os adestramentos non é o máis axeitado, posto que traballan con nenos de curta idade.

- Cales son os criterios seguidos para establecer os horarios de adestramento no polideportivo?

PREGUNTA 2. Por parte dalgúns concellos da redonda vense entregando trampas para as velutinas, de todos é coñecido que Outes é un dos Concellos máis afectados por esta praga e que temos apicultores e hay problemas coa froita e de seguridade pola picadura da vispa en si.

- Teñen pensado acollerse tamén ao reparto destas trampas?

- **- Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Vimos de ver como veñen vostedes de incorporar unha nova marquesiña no lugar de Lestaio para a parada do autobús escolar. Isto é algo bo, xa que, a vella xa vedes como estaba. Pero ao Partido Socialista cónstalle que hai familias en Lestaio que nin se decataron ata que xa estaba posta e non saben porqué.

- Con cantas familias do lugar falaron vostedes para cambiar o lugar de dita marquesiña?

- Pensan vostedes retirar a reliquia este mes ou vana deixar como monumento arquitectónico do Concello?

7. ROGOS.

- **Do PP:**

1º ROGO

Fai xa 5 meses que se aprobou por unanimidade en Pleno, que o goberno actuaría de forma inmediata no adecentamento da estrada de Entíns a Fontenlos. Nos fomos recordándollos mes a mes en cada pleno celebrado, vostedes tamén mes a mes fixeron oídos xordos. A situación foi a peor, caeron mais barranqueiros, as cunetas acumulan mais broza e o ancho da plataforma vai a menos e se xa era difícil o cruce de dous vehículos agora aínda o é mais. A entrada para o camiño do monte que se taponou cando se fixo unha corta de árbores sigue taponada impedindo ao



acceso ao mesmo. A situación xa a coñecen e o que nos queda é rogarlles que actúen dunha vez e adecenten este vial.

2º ROGO

Os veciños de Vilar de Outes fixéronnos chegar o seu malestar pola situación de insalubridade en que se encontra unha vivenda deshabitada nese lugar. A edificación semella estar en situación de ruína presentando así mesmo o seu entorno gran cantidade de maleza, motivo polo que os veciños temen que poida haber un incendio.

Sabemos por eses mesmos veciños que vostedes xa son dende hai tempo coñecedores da situación.

Por todo isto rogámoslle que tomen as medidas necesarias para solventar esta situación.

- **Do BNG:**
- Xa fai ano e medio que lle solicitamos a declaración do Monte da Pena e a catalogación do patrimonio arqueolóxico e natural que se atopa neste monte co fin de presentar como alegacións ante o proxecto do parque eólico que se pretende instalar neste lugar. Rogamos que se inicie os trámites coa urxencia necesaria, xa que a celeridade da Xunta para instalación dos parques está sendo cada vez maior.

Fai un inciso o Sr. González para indicar que este parque non o autoriza a Xunta senón o Goberno central.

- Rogamos que sexan trasladados os Plenos á Casa da Cultura para facilitar o acceso a todos aqueles veciñas e veciños que o desexen, posto que a situación o permite e aínda nos quedan uns meses por diante.
- Non engane aos veciños, sabemos que non houbo ningunha irregularidade no proceso de contratación porque sabe que ese servizo en concreto é un servizo que presta o Concello e que ten reparos de Intervención. Que vostede debería aprender as cuestións reais deste Concello. Cando dicimos que temos sospeitas é porque debería de tramitarse doutro xeito e sábeo



perfectamente. Non nos acuse do que non é. Rogámoslle que non intente enganar aos veciños.

- **Do Partido Socialista:**

O Partido Socialista de Outes está canso de ver como o grupo de goberno que vostede lidera fai caso omiso dos reiterados rogos que realizan Pleno tras Pleno. Creo que vostede considera que son peticións dos grupos da oposición e por iso pasa amplamente. Está vostede moi equivocado, son peticións dos veciños e veciñas do noso Concello e sabe a deus a quen votaron e se me apura dalles igual quen goberno, o único que queren é mellorar día a día e ter unhas aldeas e instalacións en condicións. É por iso polo que queremos e o facemos para que esta Corporación mellore a vida dos veciños e veciñas do noso Concello, fágolle este mes os seguintes rogos:

- Os veciños do Freixo queren que agora que se acerca o verán e que se supón que terán as nosas praias en condicións, que non se esquezan das praias de Portosiavo e da Lonxa, e aínda que non se metan os tractores teñen vostedes brigadas abondo para facer unha boa limpeza e poñelas en condicións.

- No Pleno de xaneiro do ano 2020 este partido fíxose tamén un rogo dunha obra que vostede non quixo meter no POS 2019, nin no adicional, porque a considerou unha obra menor. Que o noso Concello a levase a cabo sen a licitación, lembre que a entra dos veciños da entrada de Rivademar está se facer aínda.

- Unha cousa moi sinxela, quen necesita máis axuda ás veces e quen está máis só, en Magor teñen os mesmos dereitos uns contedores que no resto do Concello e non ter isto na porta. Intente coidalos para que non marchen do noso Concello e póñalle un cartel da aldea que nin iso teñen.

- Este rogo vai ser sen palabras e como son moi demagogo e como o da seguridade no o levo moi ben e como dí o refrán “máis vale unha imaxe que cen palabras” voulle dar a foto e faga vostede o que queira nesa parede. É a parede do campo de fútbol, cando lle caía a alguén chamárame vostede demagogo.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Remata a sesión ás 23:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=gEYgyyBqUFk>



Cod. Validación: 3FYGRSNAWRC3M5T4A56HG3ZK | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 de 33